

Faro *da* Cultura

Detalle da escultura do Anxo Caído (1877), de Ricardo Bellver no Parque do Retiro, Madrid. Na imaxe pequena: Ánxel Fole (1903-1986).



Malia que non acreditemos na numeroloxía, o certo é que a súa (factible/non factible) influencia non deixa de provocar certo desacougo. É o que sucede cando, por azar ou por simple secuencia, temos diante o 666, a marca da Besta. E agora que este suplemento chega a este número, máis por precaución que por homenaxe, dedicaremos as palabras que seguen á presenza do Diaño na literatura. Máis concretamente ao pacto asinado con el para obter unha recompensa en vida a cambio da nosa alma.

Foron os Padres da Igrexa os que proclamaron que, despois da rebelión de Satanás contra Deus, aquel foi derrotado e pasou a ser o anxo caído. A loita contra o Demo non deixa de representar a que temos con nós mesmos para evitar as transgresións que convencionalmente chamamos tentacións, entre elas o orgullo. É por orgullo polo que aparece a figura do pauto co Demo: obter un beneficio a troques da alma. Das primeiras comunidades cristiás en Oriente chegou a tradición dos milagres que salvaban aos que eran tentados por Satanás, especialmente os que pactaran a súa alma.

Entre eles, Teófilo de Adana, quen vendera a súa por chegar a bispo; arrepenido, rezoulle á Virxe e esta arrincou o documento asinado

Pauto do Demo

Venda de almas e literatura

JOAQUIM VENTURA

do pauto das mans do Demo: trátase dñha lenda popularizada desde o século VI en Grecia e adaptada xa no século X pola poetisa alemá Hroswitha de Gandersheim.

Daquela popularizáronse as coleccións de milagres. Primeiro en latín (Hugo Farsito, Hernan de Caon, Guillerme de Malmesbury) e xa despois en lingua vulgar. Escribiron esta lenda Gautier de Coinci en francés (tres mil versos), Gonzalo de Berceo en castelán (este milagre conclúe os *Milagros de Nuestra Señora*) e Afonso o Sabio (en galego, sitúaa como a primeira cantiga de milagres). Engadamos o drama de Rutebeuf *Le miracle de Téophile* e o “Enxienplo del ladrón que fizo carta al diablo de su áni-

ma”, no *Libro del Buen Amor* do Arcipreste de Hita.

O arquetipo de Fausto chegou século e medio despois, a partir da existencia lendaria do alemán Johann Georg Faust (ca. 1480-1540), un científico que trocou a súa alma co Diaño por acadar sen límite o coñecemento e mais os praceres mundanos. En 1587 un libreiro de Frankfurt escribiu a súa historia, con grande éxito público, ata o punto de ser traducida ao inglés en 1592. E sería a partir desta versión que o dramaturgo inglés Christopher Marlowe escribiu *Doutor Faustus*, o primeiro que deu unha dimensión literaria ao pauto de Fausto e Me-fistöfele.

Pero foi coa versión de Johann W. von Goethe (simplemente *Fausto*) que a lenda acadou fama universal e ben axiña apareceron versións musicais (Wagner, Berlioz, Gounod). E o epígono do Romanticismo alemán, Heinrich Heine, publicou en 1851 *Der Doktor Faust. Ein Tanzpoem*,

Superado o Romanticismo, a lenda de Fausto foi recreada ou incorporada por diversos autores xa no século XX. Thomas Mann publicou en 1947 *Doktor Faustus*, a historia dun músico que vende a súa alma para acadar a superación na súa arte, en metáfora da Alemaña nazi

que vendeu tamén o epírito. Paul Valéry, coa súa obra póstuma *Mon Faust*, recrea un imaxinario diálogo entre Deus e o Diaño que non esquece reflectir a crise existencial do home. E no Brasil, e colléndoo da tradición popular, temos, de João Guimarães Rosa, *Grande Sertão: Veredas* (1956), novela na cal o jagunço Riobaldo, por amor a Diadorim (en realidade unha rapaza) e para vencer o bando de Hermógenes, tenta un pacto co demo.

Porque estas son algunhas das condicións que a tradición popular (entre nós, a contida no *Ciprianillo* ou *Libro de San Cipriano*, grimorio común ás linguas castelá e galego-portuguesa) esixe para o pauto: nun cruce de camiños, ás doce da noite dun sábado, levar unha póla de nogueira cortada cun coitelo novo e invocar ao Espírito. Non sabemos se Vicente Risco acreditaba en tal invocación pero afirmou, con moita certeza, que James Joyce fixera pauto co Demo: non había maneira de explicar se non o seu éxito como escritor sendo irlandés e católico e contrario aos nacionalistas. Pero quen, entre nós, soubo recuperar tales crenzas foi, sen dúbida, Ánxel Fole con *Pauto do Demo* (1958), comedia na que recrea a dimensión sobrenatural no mundo popular galego.

ARTE: CARLOS SOBRINO
NO CAFÉ MODERNO / PÁX. III

ENTREVISTA CO PRODUTOR
E GUIONISTA RAMÓN CAMPOS / PÁX. V

TEATRO: ARREDOR DE
CHOLA, A IT GIRL / PÁX. VIII